

# GALICIA VAI COMIGO

Unha viaxe á emigración

Yolanda Martínez Redondo

Grupo de Traballo Biblioteca 2019-2020

Tarefa: Escribir un diario.

Produto final: Obra recompilatoria de diarios : “Galicia vai comigo: unha viaxe á emigración”

Obras de referencia:

- Bottin, Isha ( 2019) *A miña familia 3+1=7*. Editorial Verdemar.
- Campanari, José ( 2016 ) *Trenfugiados*. Ediciones La fragatina.
- Hernández, Daniel ( 2018). *Un largo viaje*. Editorial Kalandraka.
- Maceda, Beatriz( 2019) *Lúa en Ningures*. Xerais.
- Mateo, José Manuel ( 2015) *Migrar* . Editorial Kalandraka.
- Monreal, Violeta (2005). *Morriña que en gallego significa melancolía*. Editorial Gaviota.
- Ventiglimia, Paula (2019) .*Morriña*. Ediciones Hércules



## ÍNDICE

1. Xustificación.
2. Proposta didáctica “ Galicia vai comigo. Unha viaxe á emigración”
3. Programación.
4. Descrición do traballo desenvolvido.
5. Produto final.

### 1. XUSTIFICACIÓN:

A competencia lingüística, entendida como elemento básico fundamental para adquisición de novas aprendizaxes, é unha ferramenta fundamental e estratéxica para a aprendizaxe escolar.

A competencia lectora e escritora constitúe un elemento de inclusión e integración na sociedade da información e do coñecemento. A necesidade deste proxecto baséase na idea de formar lectores e escritores competentes nun proceso que o alumnado debe aprender dun xeito significativo e funcional.

O noso produto final vai ser a recompilación de varios diarios imaxinarios elaborados polo alumnado de 4º A baixo o Título de “Galicia vai comigo. Unha viaxe á emigración ” , vinculados ao PDI da Biblioteca “ Eu son Galicia” e ao programa de Educación Responsable do presente curso.

### 2. PROPOSTA DIDÁCTICA


A proposta consiste na lectura de varias obras literarias para chamar a atención ao alumnado sobre as dificultades que conleva marchar do propio país para atopar unha vida mellor.

Nesta viaxe literaria hai tempo para a reflexión sobre A Declaración Universal dos Dereitos Humanos , que o alumnado xa traballara con anterioridade, pero que cobra agora maior visibilidade e tamén para fomentar o espírito de empatía e respecto cara aos migrantes.

Establecéronse como obxectivos:

- ✓ Desenvolver a competencia lectora e escritora.
- ✓ Favorecer a competencia literaria.
- ✓ Educar no uso crítico da información .
- ✓ Fomentar o hábito da lectura.
- ✓ Apoiar a adquisición das competencias básicas, especialmente:
  - Comunicación lingüística.
  - Coñecemento social e cidadá.
  - Tratamento da información e a competencia dixital .
  - Cultural e artística.
  - Aprender a aprender.

Materiais empregados: Escolla de libros procedentes da Biblioteca do centro.



**Título da obra:** Lúa de Ningures.

**Autora:** Beatriz Maceda


**Ilustradora:** Laura Veleiro

**Editorial:** Xerais. colección Merlín

**Ano de publicación:** 2019

**Resumo argumental:**

Lúa é unha nena que, canda a familia, ten que abandonar o seu país debido ás ideas políticas do seu pai e á inminente guerra. O avó de Lúa, con quen a nena lera o conto d' *O Principiño*, que a habería marcar para sempre, decide permanecer no país, onde acabará falecendo vítima dun bombardeo. O destino da nena será un inmenso campo de refuxiados, onde a familia tratará de reconstruír a súa vida. Alí, Lúa coñecerá a outras nenas e nenos cos que trabará amizade e creará unha editorial para compartir os contos que escriben e ilustran co resto de rapaces do campo. Tras asistir á morte de varios amigos debido a enfermidades curables, Lúa recibe a visita dun voluntario galego que lle regala uns aerosois para debuxar graffitis. Por medio deste voluntario, Lúa poderá participar, e gañar, un concurso internacional de debuxo mural.



**Título da obra:** Trenfugiados

**Autor:** José Camparini


**Ilustradora:** Evelin Davidi

**Editorial:** La Fragatina

**Ano de publicación:** 2016

**Resumo argumental:**

Uns menos, que son curmáns, charlan na casa da súa avoa sobre o que son os trenfugiados; Laura, unha das curmáns, cre que non se di así, senón que se di refugiados; intentan entender por que marcharon das súas casas.



**Título da obra:** Un largo viaje

**Autor:** Daniel H. Chambers

**Ilustrador:** Federico Delicado

**Editorial:** Kalandraka

**Ano de publicación:** 2018

**Resumo argumental:**

Dúas viaxes transcorren paralelamente e se mesturan : un ave e a súa cría emprenden o traxecto migratorio cara ás terras cálidas do sur, mentres que unha familia que vive nun país en guerra fuxe cara ao norte.

O relato de ambas aventuras coincide en plasmar o temor ante o desafío, o desanimo que brota polo cansancio e a confianza e a esperanza que tentan transmitir os adultos.

## Morriña



Paula Ventiglimia

HORTUS DE ENCINOS

**Título da obra:** Morriña

**Autora:** Paula Ventiglimia

**Editorial:** Hercules

**Ano de publicación:** 2019

**Resumo argumental :**

A viaxe, un futuro incerto pero esperanzador. Xente que non é a túa e unha cidade descoñecida. A morriña pola terra sempre no corazón. Un percorrido vital sen palabras.



**Título da obra:** Morriña que en gallego significa melancolía.

**Autora:** Violeta Monreal

**Editorial:** Gaviota

**Año de publicación:** 2005

**Resumo argumental:**

María tivo sorte e gracias á bruxa Maruxa convirte o seu sentimento de tristura nun sentimento de morriña máis doce.



**Título da obra :** A miña familia 3+1=7.

**Autora:** Isha Botin

**Ilustrador:** Gaspard Talmasse

**Editorial:** Verdemar

**Año de publicación:** 2019

**Resumo argumental:**

É a historia dunha familia reconstituída que cambia de país e mesmo de continente. Fillos de dous matrimonios que, xuntos, viven primeiro conflitos ou desencontros, pero que axiña buscan un camiño común. O relato mostra a ledicia de descubrírense, de xogar xuntos e de saber que a harmonía e o amor poden xurdir se somos xenerosos e estamos abertos aos demais.



**Título da obra :** Migrar

**Autor :** José Manuel Mateo

**Ilustrador:** Javier Martínez Pedro

**Editorial:** Kalandraka

**Año de publicación:** 2012

**Resumo argumental:**

Migrar conta a historia dun neno latinoamericano que se ve obrigado a buscar ao seu pai, un home que tivera que emigar en busca de traballo cara a Estados Unidos.

### 3. PROGRAMACIÓN

[illegible]



## Sesión 1:

Explicación ao alumnado sobre o traballo a realizar

Galicia vai comigo. Unha viaxe á emigración



Ao longo das seguintes semanas imos ver distintos aspectos sobre o tema da emigración.

Leremos varios libros da Biblioteca que colocaremos nunha pequena exposición.

Cando rematemos seredes emigrantes que deixan Galicia e escriben un diario onde iredes contando as vosas experiencias , sensación e emocións.

Actividade motivadora : Observación e comentario da obra de Luis Seoane “Emigrante”.



## Sesión 2:

Lectura en grupo e valoración dos contos *Migrar* e *A miña familia: 3+1=7* para relacionalo co tema 5 de Sociais “A poboación e o territorio” que xa víramos.



## 2 Descubro...

### Por que varía a poboación

A poboación dun territorio, e mesmo a que forma a túa familia, non é sempre a mesma. Ás veces, a poboación aumenta dun ano a outro. Noutras ocasións diminúe.

Cales son as causas que fan que unha poboación varie?

#### Os nacementos e as defuncións

**Os nacementos.** É o número de nenos e nenas que nacen nun lugar e período de tempo determinados.

**As defuncións.** É o número de persoas que morren no mesmo lugar e período de tempo.

A poboación dun territorio aumenta cando hai máis nacementos que defuncións. Pola contra, diminúe cando a cifra de defuncións supera a de nacementos.

A diferenza entre o número de persoas que nacen e as que falecen é o **crecemento natural**.

#### A emigración e a inmigración

**A emigración.** É o movemento de persoas que abandonan un territorio. Estas persoas son os **emigrantes**.


**A inmigración.** É o movemento de persoas que chegan a un territorio. Os emigrantes, ao chegaren a un lugar de destino pasan a ser **inmigrantes**.

A poboación aumenta cando o número de inmigrantes é superior ao de emigrantes. E diminúe cando hai máis emigrantes que inmigrantes.

A diferenza entre a inmigración e a emigración é o **crecemento migratorio**.

### Sesión 3 :

Lectura en grupo e debate sobre as obras *Un largo viaje* y *Trenfugiados* , con especial atención ás ilustracións que acompañan a ambos textos e que axudan a entender o dramatismo da emigración.



<https://youtu.be/7VUEg6bEEAc>



#### Sesión 4:

Observación e lectura de dous contos breves pero significativos relacionados co sentir galego da terra abandonada . *Morriña* ( sen texto ) e *Morriña que en gallego significa melancolía*.



Sentichedes morriña algunha vez? Cando?

Por que?

Que é o que máis votábades en falta?

#### Sesión 5:

Comeza a escrita do diario persoal “Galicia vai comigo. Unha viaxe á emigración” e recoméndase a lectura individual da obra “*Lúa de ningures*”.

### Lúa de Ningures



<https://fstreaming.anaya.es/embedplayer/embed.php?url=https%3A%2F%2Fwww.youtube.com%2Fwatch%3Fv%3DhnI9OeVaYKI>

### Temas e valores

#### A guerra e os refuxiados

Esa é a realidade que ten que vivir Lúa e as súas novas amigas e amigos.

#### A solidariedade dos oprimidos

A cooperación dos habitantes do campo para mellorar a vida diaria de todos móstrase no libro a través dos adultos que crean as escolas e dos nenos que crean a editorial.

#### A infancia truncada e os dereitos da infancia

Os do campo son nenos que viron como a súa infancia se vía fatalmente marcada por cuestións que os sobrepasaban. Son nenos que viron vulnerados o seu dereito a ter unha infancia digna.

## 5. PRODUTO FINAL

### Diario dun emigrante que “persensa” Galicia

#### Persensar Galicia a través dun diario persoal

Imos facer una viaxe imaxinaria na que ti te ves obrigado/a a emigrar.

Para coñecer os teus sentimentos vas ter que escribir un pequeno diario.

Aquí tes o guión para facelo.

**Día 1 :** Mañá é o teu día de partida. Hoxe debes reflexar no diario o que esperas desta aventura, os teus medos, as túas esperanzas....Exemplo: Durante a viaxe gustárame coñecer a moita xente nova e cando chegue alí.....Fai o debuxo que corresponda a esta situación.

**Día 2 :** Hoxe é o primeiro día desta aventura. Por diante tes una longa viaxe, pero, polo momento, escribe no teu diario o que te vai sucedendo ao longo do día:

07:00 Almorzo leite con cereais antes de partir. Síntome....  
10:00

**Día 3:** Acabas de chegar ao novo país. Todo é novo para ti. Conta no teu diario que te sorprende deste novo lugar e os problemas ou facilidades que estás a ter na túa nova vida. Exemplo: O comezo neste novo país está sendo.....  
Fai o debuxo que corresponda a esta situación.

**Día 30 :** Levas no país un mes. Agora decides contar as túas experiencias e sentimentos neste tempo. Exemplo: Cando saín de Galicia esperaba disfrutar da aventura. Agora, tras pasar un mes fora dela sinto que....

**Día 150:** Xa levas uns meses no novo país e xa te decátaches de que a comida marca a nosa vida e é una parte importante da nosa identidade. Cando emigramos estrañamos os pratos da nosa terra, pero tamén probamos outros produtos e distintas formas de cociñalos. Debuxa :

- a) A que sabe Galicia?
- b) A que sabe o país ao que emigraches?

En cada lugar do mundo a xente ten un xeito diferente de compartir os alimentos. Debuxa un xantar nestas dúas situacións :

- a) A túa casa cun invitado que é un rapaz que migrou a Betanzos
- b) A casa dun rapaz no novo país ao que ti chegaches e te invitou a comer.


**Día 365 :** Xa levas un ano no teu novo fogar e tes claro un sentri: Galicia vai contigo. Debúxate a ti mesmo con esa sensación de que alí onde vaías poidas dicir “**Galicia vai comigo**”

DIARIO DUN EMIGRANTE QUE "PERSENSA" GALICIA

Día 1:

Durante a viaxe gustárame coñecer a moita xente nova e cando chegue ali

Mañá voume a un país  
 novo, Portugal. Os meus  
 pais non poden pasar  
 a casa, menos mal que esta  
 ao lado. Hoxe vou aprender  
 portugués. É semellante ao  
 galego xogar se dice igual  
 podo tamén xa podo preguntar  
 podo xogar



Día 2:

07:00 Almorzo leite con cereais antes de partir. Síntome...entusiasmado.  
 10:00 Falta unha hora para chegar. Estudiei moito  
 14:30 Estou comendo, só, auga e pan. Os meus pais  
 19:00 Merende hae rato, só comin un platano. Teno fame  
 20:30 Cenei o mesmo que comin. Hoxe durmiremos na calle  
 23:00 Espero dormir ben e non ter frío.  
 00:00 Non podo dormir, teño frío.

Dia 3:

O comezo neste novo país está sendo... moi bo

Hai moitos nenos divertidos como Jorge ou Thiago xogamos xuntos ao fútbol. Jorge naceu en 2009, significa que ten 10-11 anos e Thiago naceu en 2012, significa que ten 7-8 anos. Son moi divertidos. E moi, moi bos ao fútbol. Hoxe xogamos un partido de 25 min. cada parte e ganamos... nove a un! eu metín cinco. Jorge está apuntado aos alevíns do OPORTO FC. Eu vou ha apuntarme tamen (aos benxámines)

9-1  
min. 24 da  
segunda  
parte

(Thiago)  
moi ben!



(Jorge)  
moi ven,  
Mateo!

P. 6.4-2. TP (3-0) / 100% A. 5-1.


semilinales vs.

2-1/2 final K.S.O. Bonliss

1 — 0  
Mateo  
40+1'

*Dia 385*

*"Galicia vai comigo"*



DIARIO DUN EMIGRANTE QUE "PERSENSA" GALICIA

Día 1:

Durante a viaxe gustárame coñecer a moita xente nova e cando chegue ali

intentarei facer amigos



Día 2:

- 07:00 Almorzo leite con cereais antes de partir. Sintome.... *knial*
- 10:00 Montamos no coche pra coller o avión
- 14:30 Iros na avión de viaxe. Teño medo
- 19:00 Aterrixamos por fin.
- 20:30 Collenos outro avión
- 23:00 *estou cansa*
- 00:00 *pronto chegamos*

Día 3:


O comezo neste novo país está sendo.....

aburrido é sentar soa a miña irmá santa  
a todas horas a miña nai está entusiasta,  
leamos o porque é encontrado un gato nos  
quedar chamase lema é gris e ten os ollos de  
lour verde.



Dia 150

A que sabe Galicia? FOLBO




A que sabe o país ao que emigraches? RAMEN



Convidei a ... Michi .....

TORTILLA  
BETANZOS



Convidáronme a comer na casa de ... Sakura .....

Sushis



Dia 365

"Galicia vai comigo"

